



Resolución do 31 de xaneiro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado de centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a realización dun curso de especialización en educación emocional.

O tratamento da educación emocional no eido educativo é fundamental pois permite contribuír ao desenvolvemento da competencia emocional do alumnado e como consecuencia ao seu benestar persoal e ao benestar social.

A educación emocional contribúe a que o alumnado sexa emocionalmente máis intelixente, dotándoo de estratexias e habilidades emocionais básicas que lles axuden a ser quen de coñecer as súas emocións e as dos demais, que podan desenvolver a tolerancia ás frustracións diarias, que sexan quen de desenvolver a resiliencia, que teñan unha actitude positiva ante a vida e en definitiva, que lles axude na mellora da calidade de vida.

O papel da escola e a formación continua do profesorado é básica para acadar ese obxectivo e formar ás persoas na competencia emocional, polo que é necesario que o profesorado se convirta en modelo de equilibrio de afrontamento emocional, de habilidades empáticas e de resolución calmada, reflexiva e xusta dos conflitos interpersonais, como fonte de aprendizaxe para o seu alumnado.

Neste sentido, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante, a consellería) ten interese en definir un modelo formativo en cascada referido á educación emocional, que permita ao profesorado formado neste campo adquirir a especialización necesaria para impartir formación en educación emocional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

Coa finalidade de promover a formación de profesorado especialista en educación emocional, a consellería e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para a formación de docentes en educación emocional. Ambas institucións consideran moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de promover a formación de profesorado especialista en educación emocional e aunar esforzos de cara a que o alumnado dos centros educativos da comunidade educativa galega se beneficie do potencial desta acción formativa.

De acordo co establecido no convenio de colaboración, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese á reserva de 15 prazas no Curso de especialización en educación emocional para o profesorado que a consellería determine en concordancia cos criterios de selección establecidos para a realización do curso pola universidade, así como a ofrecer unha formación adaptada aos contidos que se establecen no convenio para a formación en educación emocional.

Ao abeiro deste convenio de colaboración, se procede á convocatoria de prazas para a realización do Curso de especialización en educación emocional impartido pola Universidade de Santiago de Compostela que se encadra dentro da oferta de cursos de posgrao propios desta universidade para o curso 2019-2020.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





RESOLVE

Apartado 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta resolución é a convocatoria, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a consellería e a Universidade de Santiago de Compostela, de 15 prazas para a realización do Curso de especialización en educación emocional impartido pola Universidade de Santiago de Compostela, que se encadra dentro da oferta de cursos de posgrao propios desta universidade.

Apartado 2. Características da actividade formativa

1. A información relativa ás características do Curso de especialización en educación emocional pode consultarse na ligazón <https://educacionemocional-usc.com>
2. Unha vez finalizada a actividade, no caso de que a persoa seleccionada solicite a expedición do título propio, os gastos derivados da súa expedición correrán a cargo da persoa interesada.

Apartado 3. Profesorado destinatario e criterios de selección

1. Poderá solicitar a participación nesta actividade formativa o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que impartan as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que desempeñe as súas funcións en centros docentes públicos dependentes desta consellería, ou se atope en comisión de servizos, ou na situación de excedencia por cuidado de familiares prevista no artigo 176 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, sempre que esta situación non





sexa incompatible co cumprimento dos compromisos e obrigas das persoas seleccionadas establecidos no apartado 6 da presente convocatoria.

2. Os criterios xerais para a selección de participantes serán os establecidos no plan anual do profesorado para a modalidade de cursos presenciais e mixtos.

2.1 As persoas solicitantes deberán pertencer ao ámbito do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), ou dos Centros de Formación e Recursos (CFR).

2.2. Os criterios específicos de selección para actividade, en concordancia cos establecidos pola Universidade de Santiago para a realización do curso de especialización, son os seguintes:

a) Valoración da formación en educación emocional, en calidade de asistente ou persoa relatora, acreditada polas estruturas de formación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

b) Valoración da experiencia profesional no desenvolvemento de accións ou programas referidos á educación emocional, en calidade de coordinador/a, asesor/a ou titor/a en rede, acreditada polas estruturas de formación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Apartado 4. *Comisión de selección*

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do profesorado ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de xefatura de servizo da Consellería de Educación, Universidade e





Formación Profesional, e persoas asesoras das estruturas de formación do profesorado, actuando unha destas últimas como secretario/a.

2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo os criterios de selección establecidos nesta convocatoria.

Apartado 4. Solicitudes, documentación e prazo de presentación

1. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Á solicitude adxuntaranse os anexos I e II.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

2. O prazo de presentación é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no portal educativo da consellería www.edu.xunta.gal.

3. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) O Anexo I debidamente cuberto e asinado.

b) Para a xustificación dos criterios establecidos no apartado 3, as persoas solicitantes deberán presentar unha declaración responsable coa relación das actividades ou programas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional relacionados coa educación emocional nas que teña participado segundo o modelo do





Anexo II. Nesta relación deberá constar necesariamente o título da actividade, as datas de desenvolvemento da mesma (data de inicio e fin), o lugar de realización, o número de horas, o código da actividade, se a actividade ten un código asignado, e se participou nela en calidade de asistente, persoa relatora, persoa coordinadora, persoa titora ou persoa asesora.

c) Para acreditar a súa participación nas actividades ou programas que as persoas solicitantes indiquen nesta relación, deberán presentar as correspondentes certificacións acreditativas. No caso de que estas certificacións consten no expediente de datos persoais da persoa solicitante (<https://www.edu.xunta.es/datospersoais>), non será necesario que presente a documentación xustificativa.

No caso dos criterios establecidos na letra b) do apartado 3.2.2, de non ser posible a acreditación da participación de acordo co establecido no parágrafo anterior, a consellería procederá á comprobación e verificación da súa participación nas actividades que fagan constar no Anexo II.

d) Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito, no caso de que se actúe por medio dunha persoa representante.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a administración educativa poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o nome da convocatoria e o órgano responsable do procedemento, e o número de rexistro de entrada da solicitude.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica





da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no apartado 2 deste apartado. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Apartado 5. Procedemento para a adxudicación das prazas

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección fará pública, no portal educativo da consellería www.edu.xunta.gal, a relación provisional de persoas seleccionadas.

2. As persoas solicitantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da relación provisional de persoas seleccionadas, para efectuar alegacións. As alegacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e serán dirixidas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Despois de presentar as alegacións na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, a persoa interesada adiantará as alegacións presentadas na sede electrónica ao enderezo de correo electrónico xestionformacion@edu.xunta.gal como documento anexo.

3. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas alegacións, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a relación final das persoas seleccionadas.

A resolución da relación definitiva de persoas seleccionadas publicárase no portal educativo da consellería www.edu.xunta.gal. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Apartado 6. Compromisos e obrigas das persoas seleccionadas

1. A adxudicación dunha praza para a realización do Curso de especialización en educación emocional, de acordo co establecido na presente convocatoria, implica o compromiso por parte da persoa adxudicataria de realizar integramente esta actividade formativa de acordo cos criterios de asistencia, participación e avaliación establecidos pola Universidade de Santiago de Compostela.
2. Unha vez adxudicada a praza na actividade, soamente será posible a renuncia ou abandono da actividade en casos de excepcional gravidade debidamente xustificadas.
3. As persoas que finalicen o Curso de especialización en educación emocional e obteñan unha avaliación positiva, comprométense a participar como persoas relatoras nas actividades referidas á educación emocional que se propoñan desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante un prazo mínimo de 5 anos desde a finalización da actividade. Esta participación axustarase ao establecido na normativa vixente relativa á colaboración nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Apartado 7. *Datos de carácter persoal*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que





se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta Cidadá e do seu expediente persoal.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha de procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados á entidade encargada do tratamento coa finalidade da xestión da actividade formativa obxecto desta convocatoria, concretamente a Universidade de Santiago de Compostela.

4. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Nese enderezo web poderase tamén contactar co delegado de protección de datos e obter máis información. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

galicia

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Apartado 8. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.gal.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

Manuel Corredoira López

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DE PRAZAS DESTINADAS AO PROFESORADO PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN EDUCACIÓN EMOCIONAL.	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Persoa solicitante <input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
Documentación para a acreditación dos criterios establecidos no apartado 3 da convocatoria:	
<input type="checkbox"/> Anexo II cuberto e asinado <input type="checkbox"/> Certificacións acreditativas (só no caso de que non consten no expediente de datos persoais da persoa solicitante (https://www.edu.xunta.es/datospersoais))	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, concretamente, a Universidade de Santiago de Compostela coa finalidade da xestión da actividade formativa obxecto desta convocatoria. A publicación da relación provisional e da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento, así como a relación de persoas ás que se lles adjudique unha praza na actividade convocada e a lista de reserva, serán obxecto de publicación no portal educativo da consellería www.edu.xunta.gal
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/potcccotnda.tts@post.os .
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 31 de xaneiro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización dun curso de especialización en educación emocional.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	
	, de de de



ANEXO II
**Formación ou experiencia profesional alegados para a convocatoria de prazas destinadas ao profesorado
 para a realización dun curso de especialización en educación emocional**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Declara baixo a súa responsabilidade que participou nas seguintes actividades ou programas de educación emocional da Consellería de Educación, Uniiersidade e Formación profesional:

Apartado	Título da actividade ou programa	Participación en calidade de:	Lugar	Nº de horas	Datas de inicio e fin	Código da actividade
Apartado 3.2.2.a) (formación impartida ou recibida)	1)		1)	1)	1)	1)
	2)		2)	2)	2)	2)
	3)		3)	3)	3)	3)
	4)		4)	4)	4)	4)
	5)		5)	5)	5)	5)

Apartado 3.2.2.b) (experiencia profesional)	1)		1)	1)	1)	1)
	2)		2)	2)	2)	2)
	3)		3)	3)	3)	3)
	4)		4)	4)	4)	4)
	5)		5)	5)	5)	5)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE	
Lu: .o c a .t.	

Asinado por: CORREDOIRA LOPEZ, MANUEL
 Cargo: Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
 Data e hora: 31/01/2020 14:07:16

CVE: PXS3WV0yTs7
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

